

# **COPLAS MAIOS TERCEIRO E CUARTO**

**Somos terceiro e cuarto  
e queremos recitar  
unhas coplas ben feitas  
que os van a entusiasmar!**

**Ailalelo ailalelo,  
ailalelo ailalá,  
unhas coplas ben feitas  
que os van a entusiasmar.**

**Chegou xa a primavera  
e quixemos procurar  
margaridas e pampullos  
polas leiras de Ardán.**

**Ailalelo ailalelo,  
ailalelo ailalá,  
margaridas e pampullos  
polas leiras de Ardán.**

**Construímos este Maio  
moi chuliño vai quedar!  
Representa os nosos montes  
orgullosos hai que estar.**

**Ailalelo ailalelo  
ailalelo ailalá,  
representa os nosos montes  
orgullosos hai que estar.**

**Comezamos a escola  
con gañas de traballar  
e ver aos amiguíños  
pra o recreo brincallar.**

**Ailalelo ailalelo,  
ailalelo ailalá,  
e ver aos amiguíños  
pra o recreo brincallar.**

**Este ano coa Covid  
as medidas van mudar  
coas máscaras seguimos  
que pronto imos quitar!**

**Ailalelo ailalelo,  
ailalelo ailalá,  
coas máscaras seguimos  
que pronto imos quitar.**

**Unha científica tivemos  
que nos quixo ensinar  
de partículas pequenas  
que podemos observar.**

**Ailalelo ailalelo  
ailalelo ailalá,  
de partículas pequenas  
que podemos observar.**

**Viaxamos a Pontevedra  
pra facer Multideporte  
corrimos tamén saltamos,  
nós tivemos moita sorte!**

**Ailalelo ailalelo  
ailalelo ailalá,  
corremos tamén saltamos.  
nós tivemos moita sorte!**





